



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

TTC - APROBACIÓN DE LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A PARA A OFICINA DE TURISMO DE CAMARIÑAS (CONTRATO A TEMPO COMPLETO).

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 3 DE AGOSTO DE 2020.

A Alcaldía ditou en data 3 de agosto de 2020, o decreto que a continuación se transcribe:

“ DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO TTC - APROBACIÓN DE LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A PARA A OFICINA DE TURISMO DE CAMARIÑAS (CONTRATO A TEMPO COMPLETO).

EXPEDIENTE: 2020/E001/000001

Rematado o prazo de presentación de instancias para participar no proceso de selección dun técnico/a para a oficina de turismo de Camariñas ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación da Coruña no marco do Programa (DP0029): programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento de gasto de persoal das oficinas de turismo, ano 2020 (contrato a tempo completo), cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por decreto da Alcaldía de data 29/06/2020 e publicadas no BOP núm. 99 do 02/07/2020; esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

Considerando que todos os aspirantes que teñen presentado a solicitude cumpren coas condicións establecidas na base 3ª que rexe a convocatoria é polo que en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

ACORDO:

Primeiro: Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para participar no proceso de selección de dun técnico/a para a oficina de turismo de Camariñas (contrato a tempo completo):

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	BARROS LÓPEZ, VIRGINIA	***9882**
2	CARAMÉS HERMO, Mª ANTONIETA	***7898***
3	DIOS ROMERO, CRISTINA	***8111**
4	FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, RITA Mª	***8391**
5	FERNÁNDEZ NAVEIRA, IVANNA	***7631**
6	FUENTES MARTÍNEZ, VALENTÍN	***0595**
7	GIL RIOSECO, SHEILA	***0464**
8	GÓMEZ MATO, ADRIÁN	***1423**
9	MOUZO PASANTES, ROSA Mª	***2822**
10	REGUEIRA VARELA, MELINA Mª	***8559**
11	VALDÉS VALIÑA, VIRIATO	***6310**

Excluídos definitivamente:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Segundo: Que o Tribunal se reúna para a súa constitución o día 5 de agosto 2020, ás 8:15 horas no salón de plenos da Casa do Concello.

Terceiro: Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo **día 5 de agosto de 2020 (mércores), ás 9:30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello (praza de Insuela, núm. 57 - Camariñas)**, para a realización, de conformidade co disposto na base 7ª da convocatoria, do 1º exercicio.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificados que serán libremente apreciados polo tribunal.

A actuación dos aspirantes no segundo exercicio (lectura) levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "S", conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2020, (DOG nº 27, de data 10 de febreiro de 2020).

Advertir que cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración dos exercicios na mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración de cada un deles. De non ser posible e/ou así acordalo o tribunal se celebrarán na xornada seguinte ou seguintes, deixando transcorrer neste caso un prazo/tempo mínimo de 24 horas entre cada exercicio.

Cuarto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Quinto: Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.".

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.